

TODO PÚBLICO

"TODO PÚBLICO ESCOLAR" PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS ESCOLARES

CURSO 2024/2025. OUTONO 2024

PROGRAMACIÓN PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

- Cada grupo deberá estar acompañado, polo menos, por unha persoa responsable do centro.
- A programación de **educación infantil** está pensada para escolares **a partir dos 5 anos**.
- **A capacidade máxima** será de 300 espectadores/as (incluído o profesorado); ou o que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.
En función das características do espectáculo e do nivel dos/as escolares, pódese producir unha redución da capacidade da sala.

ENTRADAS

Prezo do billete de entrada: 2,00 € por alumna/o para o alumnado de todos os niveis; e gratuíta para o profesorado acompañante.

RETIRADA E ABOAMENTO DAS ENTRADAS

1. As entradas deben ser retiradas e aboadas, no prazo que se asina no calendario que aparece a continuación.
2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaráselle as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
3. As entradas recolleranse no Forum Metropolitano, **con cita previa** (chamando ao teléfono 981 184 297). Recoméndase o pagamento mediante tarxeta de crédito.
4. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas ou aumentalas se quedan prazas vacantes.
5. Permitiranse un **máximo dun 10% de devolucións** (sobre as resevas feitas polo centro nun primeiro momento), sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. **O importe será devolto ao termo da función.** No caso de que fosen aboadas con tarxeta de crédito haberá que presentala.
6. A factura seralle enviada ao centro escolar posteriormente á sesión.

ACCESO AO FÓRUM METROPOLITANO

En autobús, acceda desde a Avda de Oza en sentido baixada para chegar á rúa Rio Monelos. Desta forma, os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Forum.

Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata a porta principal.

INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO.

BENVIDAS/OS AO TEATRO!

Unha persoa representante da organización recibirá os grupos na entrada do edificio, indicarlles onde deben sentar no auditorio, permanecerá na sala en todo momento, organizará a saída ordenada e intentará solucionar as posibles incidencias que se poidan presentar.

PAUTAS A SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO

- Vimos todas/os divertirnos e desfrutar do teatro, sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala. Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.
- A hora indicada na entrada é a hora de inicio da función. **AGRADECESE PUNTUALIDADE.** É aconsellable chegar ao Forum con 10 ou 15 min de antelación.
- Agradécese que a entrada e saída do edificio sexa en orde e no maior silencio posible, para evitar molestar ás persoas usuarias e traballadores do Forum.
- Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán ao auditorio portando cada unha a súa entrada.
- Unha vez que comece o espectáculo, non se permitirá o acceso ao auditorio.
- Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.
- Non está permitido comer nin beber (excepto auga) no auditorio.

MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS

Realizarase limpeza e ventilación do auditorio antes e despois de cada función.

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade.

PROGRAMACIÓN:

TEATRO PARA EDUCACIÓN INFANTIL (5 años) Y EDUCACIÓN PRIMARIA

Espectáculo	Compañía	Nivel educativo	Fechas	Horario	Duración	Fecha tope de abono
ENTRECAJAS	Teatro Paraíso (Euskadi)	EI (5 años) – 1º y 2º EP	27 septiembre 2024	10.00 y 12.00 h	60 min	24 septiembre
KYOKI	Elefante Elegante (Galicia)	EI (5 años) – 1º y 2º EP	18 octubre 2024	10.00 y 12.00 h	45 min	11 octubre
HUGO	Os Náufragos Teatro (Galicia)	3º, 4º, 5º y 6º EP	15 noviembre 2024	10.00 y 12.00 h	45 min	8 noviembre
NANAI DA CHINA	Pérez&Fernández (Galicia)	EI (5 años) – 1º y 2º EP	22 noviembre 2024	10.00 y 12.00 h	50 min	15 noviembre
COMPAÑA	Xampatito Pato (Cataluña)	3º, 4º, 5º y 6º EP	13 diciembre 2024	10.00 y 12.00 h	50 min	5 diciembre

TODOS LOS ESPECTÁCULOS SERÁN NO **FORUM METROPOLITANO**

ENTRECAJAS de Teatro Paraíso (Euskadi)

27 setembro de 2024 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a E. Infantil (5 anos), 1º e 2º E. Primaria



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Bartolomeus e Comino viven felices de contar o un co outro ata o día en que aparece un terceiro personaxe que poñerá a proba a forza da súa amizade roubándolles as súas caixas. Xuntos atoparán o camiño de regreso ao lugar no que un día foron felices ao descubrir que lles quedou o máis valioso: a súa amizade e a súa capacidade de imaxinar.

Unha historia chea de humor, na que dous amigos que viven nunhas caixas imaxinan viaxes a lugares fantásticos, coa súa sorprendente creatividade. A súa vida transcorre entre o xogo, a convivencia, as pelexas cotiás e as reconciliacións.

ENTRECAJAS é un espectáculo que suxire que o mundo é unha gran caixa na que vivir grandes aventuras, como resultou ser a escena para Teatro Paraíso durante os seus 45 anos de traxectoria. Este espectáculo convidanos a gozar do xogo, a superar as dificultades en compañía e a imaxinar que xunto a outros seres humanos é posible alcanzar calquera soño.

Duración: 60 minutos

Espectáculo en castelán

Dramaturxía: Rosa A. García

Dirección: Tomás Fdez. Alonso

Elenco: Xabi Flamarique, Aritz Bengoa, Xabi Artieda

Premio FETÉN 2024 ao mellor espectáculo de clown

KYOKI de Elefante Elegante (Galicia)

18 outubro de 2024 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a E. Infantil (5 anos), 1º e 2º E. Primaria



KYOKI é un espectáculo sen palabras destinado ao público infantil e familiar que aborda a temática do esquecemento, da vellez e da soidade. KYOKI significa “demencia” en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita aparecer en persoas de idade avanzada, mais... quen non esqueceu onde colocou a caixa das galletas? Ou por distracción vestiu o xerseí do revés?

KYOKI é unha ollada cómplice, reflexiva e sensible ás experiencias que viven tanto as persoas que precisan ser coidadas coma as propias coidadoras. A familia, as institucións médicas e as institucións sociais están presentes nos tres personaxes interpretados pola actriz protagonista: a avoa, a súa filla e a doutora.

A través dunha linguaxe xestual fundamentada na manipulación de obxectos e na interacción constante co dispositivo escénico, o espectáculo crea un universo cómico e poético que viaxa do realismo á hipérbole da vida cotiá.

O xogo teatral baséase no traballo plástico da corporalidade da intérprete e nunha rigorosa sintonía dos xestos coa música instrumental orixinal, definindo unha secuencia dramática na que a imaxe toma un total protagonismo. A posta en escena fundaméntase deste modo na dinámica pictórica da organización do espazo teatral e na narrativa das propias accións físicas que reflexan desexos, sentimentos e todos os estados dramáticos definidos.

Duración: 45 minutos

Creación: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Dirección: Gonçalo Guerreiro

Elenco: María Torres / Manipulación de obxectos: Mario Rodríguez

HUGO de Os Náufragos Teatro (Galicia)

15 novembro de 2024 – 10.00 e 12.00 h



Dirixida a 3º 4º 5º e 6º de E. Primaria



Hugo é diferente. Gústanlle moito os avións e tamén toca o piano. Laia visita a Hugo cada día. A Laia gústalle falar e as plantas. Hugo ten TEA, trastorno do espectro autista. HUGO é, en definitiva, un encontro entre dúas persoas iguais con diferentes formas de comunicarse. Unha peza teatral que aborda o tema do trastorno do espectro autista na infancia. Unha peza chea de sensibilidade e empatía que fala da diversidade, da convivencia e da beleza de sermos diferentes.

Duración: 45 minutos

Espectáculo en galego

Autoría e dirección: Gustavo del Rio

Elenco: María Roja, Jimmi Núñez

Premio María Casares ao mellor espectáculo infantil 2022

NANAI DA CHINA de Pérez&Fernández (Galicia)

22 novembro 2024 – 10.00 e 12.00 h



Dirixida a E. Infantil (5 anos), 1º e 2º E. Primaria



Nanai naceu unha noite sen lúa. Os seus veciños e veciñas rexétana desde que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir que non e axudar o seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do río Yangtsé en compañía de Chispúm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra a estúpida superstición da xente Nanai e o seu avó elaboran un plan que non sempre sae tan ben como imaxinaron.

Nanai da China é un espectáculo de teatro para público familiar onde os monicreques e os actores se fusionan para representar un conto orixinal cheo de maxia, aventuras e humor.

Duración: 50 minutos

Espectáculo en galego

Texto orixinal: Xabier Romero

Adaptación e dirección: Victoria Pérez

Elenco: Victoria Pérez, Manu Fernández


Premio María Casares na categoría de monicreques 2024

COMPAÑA de Xampatito Pato (Galicia)

13 decembro 2024 – 10.00 e 12.00 h



Dirixida a 3º 4º 5º e 6º de E. Primaria



Un personaxe solitario na procura de compañía explora a súa imaxinación para dar vida a cada un dos seus pensamentos.

A través deste proceso, consegue sentirse acompañado e levar o público por un camiño cheo de sorpresas e risas.

Duración: 50 minutos

Espectáculo sen palabras

Autoría: Jesús Velasco Otero

Dirección: Xampatito Pato